

Coloquio con Antonio Reigosa e Elena Freire

Moderadora: Andrea Santiso Arias

Participantes: Xosé Miranda, Antonio Reigosa, Antón Santamarina, Elena Freire,
Ana Boullón, Manuel Anxo Calvo, Manuel Viñas, Lucía Domínguez.

Andrea Santiso

Agora temos uns minutos para que fagades algunhas preguntas, algúns comentarios; quen queira.¹

Xosé Miranda

Antonio, mira, son dúas cousiñas que son dúas ideas. Non creo que Prieto inventase os nomes, porque para o *Grao Millo*, que é *Garbancito*, en Sicilia hai un personaxe que é *Cicerenella*. Hai unha canción de Marie Laforêt onde canta isto, que é popular siciliana. E no cancionero galego hai unha cantiga (agora non lembro en cal dos cancioneros a atopei) cun personaxe que se chama *Gran Millo*. Así que teño as miñas dúbidas. Con respecto a *Martuxiña*, é unha rapaza que se disfrazaba de militar para ir á guerra. O deus da guerra é Marte. Non creo que o inventase. Simplemente iso. É unha dúbida.

Antonio Reigosa

Con respecto a *Grao Millo*, creo que non dixen que o inventase, porque é evidente de onde o saca. En canto a *Martuxiña*, *Martuxón* —porque se é muller chámase *Martuxiña* e se é home chámase *Martuxón*—, no texto que se vai publicar falo de Marte tamén. Á parte do personaxe do romance, digo que deriva tamén do deus Marte; e deus Marte, deus da guerra, e muller soldado parece que casan moi ben. Evidentemente nestas intervencións tan aceleradas é imposible entrar neses detalles. No texto está. Eu creo que o inventou precisamente por iso, porque sabía perfectamente de onde procede o nome. Temos unha moza que debe cumprir o papel do fillo varón que non ten o seu pai e, coma no resto das versións deste conto que rexistramos en Galicia e incluso fóra, non é habitual —aínda que en Galicia hai máis nomes, por exemplo *Pedro Cortizoilo*, que

1 https://youtu.be/Q6mUw2Y4_rU?si=tCKafCDRs8Zt_Axa

tamén é un caso parecido. Pero isto sería poñerse aquí a explicar as voltas que lle demos a todo isto previamente para chegar a algunha conclusión. Eu creo que sabía de onde viña e que por iso puido inventar os nomes. Pero nada máis, non teño máis razóns.

Logo hai outros casos que son evidentes. De repente aparécenos *Eldosenda*, *dona Leonor*, e aí xa non quedo nesas teorías. Por exemplo, un conto que sabe-redes seguramente, que é aquel en que un pai lles pregunta ás súas fillas canto o queren, e que é coñecido como “O sal dos sabores”. Normalmente, a que máis o quere é a máis nova, que lle di que o quere coma o sal dos sabores, é dicir, coma o sal. Ben, pois hai unha versión de determinados compiladores galegos en que as tres irmás teñen nomes ampulosos coma *dona Leonor*, *Eldosenda* e non sei que. Evidentemente eu non paro aí. Nada máis coñezo os compiladores. Non me parece que sexa fiel a ningunha versión oral tradicional, porque no 99% das versións restantes recompiladas en Galicia non teñen nome. Punto. É evidente, que o único que fixo foi galeguizar o nome.

Antón Santamarina

Teño unha cousa para Antonio Reigosa e outra para Elena Freire. Eu tiña preparado un discurso para presentar tamén a Reigosa, por se me tocaba. Como non me tocou, pois non quero corrixir o discurso da presentadora, pero si dicir unha cousa complementaria ao que ela dixo. Aquí falouse varias veces de Dorothé Schubarth e eu creo que convén mencionar que, entre os méritos de Reigosa, está o de que lle fixo unha entrevista longa a Dorothé Schubarth, que dura máis de 50 minutos, repartida en sete anacos, que se pode consultar na páxina da AELG, da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, nun sitio que se chama algo así como... Como se chama?

Antonio Reigosa

A sección chámase “Mestras e Mestres da Memoria”. Ela foi Mestra da Memoria hai catro anos [en 2019].

Antón Santamarina

“Polafías”. Chámanse “Polafías”.

Antonio Reigosa

Na páxina de inicio da AELG hai un recadro que pon “Sección de Literatura de Tradición oral”, e entrando aí xa aparece todo ese arquivo, incluída esa entrevista.² Por certo, xa que o mencionas, foi un dos momentos en que me sentín feliz, falando con esta muller que, por certo —ti coñécela moito mellor ca min—, non empezou confiada —“Este será un máis que me vén preguntar catro cousas, a ver que pasa”— pero que foi progresivamente collendo confianza e creo que vale a pena escoitala. Está compartimentada en seis ou sete partes. Esa é unha teima, en vez de ofrecer un arquivo de vídeo de hora ou hora e pico, que igual asusta a calquera achegarse a el; desta maneira vai dividido en temáticas e con dedicarlle menos de dez minutos a cada parte, xa sabes o que dixo diso.

Antón Santamarina

Eu sei que era moi remisa a dar entrevistas, incluso a min gustábame que lle fixesen algunha entrevista, parecíame que o merecía. Nunca a entrevistaron na TVG, en sitio ningún. Estivo aquí oito anos seguidos facendo investigación. Nun principio o seu traballo pasou bastante desapercibido, non houbo recensión ningunha máis ca unha n’*A Trabe de Ouro*, que eu saiba. Canto me gustaría a min que tivésedes unha entrevista con Bal y Gay ou con algún tipo así, e que quedase... Ben, fixécheslla ti e quedou moi ben, e pódote dicir que ela estaba moi satisfeita da túa entrevista.

Antonio Reigosa

Despois coincidimos en Lugo na Xornada de Literatura Oral e demostroume xa ese agradecemento. Aínda que o primeiro día, que é lóxico, ela persoalmente non me coñecía e non sabería do proxecto, eu que sei. Pero despois en Lugo, nas xornadas, estivo espléndida. Ata se liberou de formalismos, sentou alí no escenario, foise polo medio do público, o que moitas veces era un problema porque había que ir co micrófono detrás para que todo o mundo escoitase, pero moi ben. Si, efectivamente, eu notei que quedara satisfeita.

Antón Santamarina

Quede isto como unha pequena homenaxe a ela. Dentro de cinco días estarei en Basilea no seu funeral, así que...

2 <<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=22>>

E unha cousa para Elena Freire. É interesante o das lápidas dos cemiterios, pero hai un sitio tamén onde se poden buscar nomes de casas, de xente que non ten nicho en sitio ningún, que é nas necrolóxicas. Nas necrolóxicas moitas veces...

Elena Freire

Sei.

Antón Santamarina

Se sabes xa non cho digo. Pero moitas veces nin sequera hai necrolóxicas. Na Fonsagrada, na casa da funeraria, alí no medio da rúa, poñen uns papelíños que din “Fulano de Tal, Casa de Tal”. Se vas á funeraria de Regueiro, seguro que atopas alí no ordenador as casas de todos eses señores que non tiveron necrolóxica en *El Progreso* nin en sitio ningún e que teñen alí o nome das casas.

Elena Freire

Si, pero non só na Fonsagrada. No texto longo está recollido isto das necrolóxicas. Sabedes que en Lugo somos rariños; primeiro invadimos Pontevedra cunha certa facilidade —para estar lonxe, en bastante número—, e ademais temos na COPE as necrolóxicas radiofónicas. E isto é moi importante, é moi importante escoitar as notas necrolóxicas, é fundamental; e dis ti: “Para saber quen morreu?”. Non, para saber a túa axenda social do día, sabedes?

Por exemplo cando estaba escribindo este texto, non hai demasiado, podíamos pensar: “Isto pasa en contextos rurais, só pasa na Fonsagrada”, que entendemos que está no final do mundo, onde Deus perdeu os zapatos e non volveu por eles; ti falas cun da Fonsagrada e pensa de si mesmo que está no ónfalos do mundo, porque o centro son eu. Decía Borges: “La casa es del tamaño del mundo; mejor dicho, la casa es el mundo”. É marabillioso; os da Fonsagrada están no mesmo ónfalos, pero nós pensamos que están moi lonxe.

Pero non é só alí e non é só no rural, tamén en necrolóxicas recollidas en prensa de mortos que corresponden a contexto urbano, e estou falando de hai tres semanas ou catro ao mellor. Era unha muller; 52 anos de idade, e aínda viña identificada —imaxinade: “Elena Freire Paz, natural da Casa da Veiga do Corgo”— co nome de casa. Despois o resto de necrolóxicas desenvolvíase nun contexto urbano.

Os nomes das casas son fundamentais para entender, efectivamente, de quen vés sendo. Porque é efectivamente unha maraña relacional, o que vai na casa. A casa éravos moi grande. A casa máis pequena na Galicia éravos moi grande dentro da densidade de estudo antropolóxico que pode conter o termo da casa. Ti pertences a unha casa, non é que a casa che pertenza a ti. Estas relacións son fundamentais. Por exemplo, xente que nace nunha casa, emigra —imaxínade, vai á emigración, diso en Galiza sabemos moito—, bota trinta e cinco anos en Suíza, volve e entra pola porta sendo *Manolito do Tío Pepe* (*Tío Pepe* é o nome da casa). Ou por exemplo (isto é tan bonito), como lles poñemos os nomes ás casas? Mirade, hai casas que se chaman *Casa de Luís de Sergio de Juan*. Cousa bonita! E logo ti de quen vés sendo? Os fillos de Luís de Sergio de Juan, cando se identifican así —chámase Javi, por certo, o fillo—, cando lle preguntas “Javier, ti de quen es?”, “Eu son o Javier do Luís do Sergio de Juan”. Marabillosa! Cousa que non ocorre, por exemplo, se a casa leva un nome e apelido; ou se a casa leva o nome do oficio (as casas noméanse así tamén: *Casa do Ferreiro*, *Casa do Canteiro*...). Nin se a casa leva ou responde a unha localización xeográfica dentro da aldea; por exemplo, a *Casa do Batán*, a *Casa do Muíño* (porque está no muíño), ou a *Casa de Fondevila* (porque está no fondo da vila...). E non obstante, cando imos a un nome de pía hai que sacar toda a xenealoxía para saber quen era o bo de Javier; porque Javier de Luís, vai ti saber... Entón imos trezando, e aí van ata catro xeracións ou máis. A *Casa do Ánxel do Tío Ánxel da Tía María*. E aí, se degrañades as historias, hai unha razón pola cal se foron traspasando os apelidos, porque realmente a casa era do tío e realmente o que herdou foi o sobriño, entón non era *do Ánxel da María*, era *do Tío Ánxel da Tía María*. Hai toda unha sentença aí de como se transmiten as cousas, e é moi importante. Ben, eu creo que é moi interesante, pero non me fagades caso, que son antropóloga.

Ana Boullón

Seguindo con isto que estás comentando, creo que fixeches unha relación que a min me parece moi interesante sobre o nome da casa e a identidade. Todos os nomes teñen unha estreita relación coa identidade, evidentemente, pero o nome da casa engloba máis cousas. Acabaches dicindo que fai falta estudar moito máis sobre isto, espero que isto se converta nunha nova liña de investigación para ti, porque efectivamente creo que os nomes non son só unha recompilación cuantitativa de formas, senón que fai moita falta esa interpretación antropolóxica que ti estás facendo.

Quería facerche unha pregunta de detalle. Falaches nas conclusións dun nome secreto que os expicios tiñan. Eu lera nalgún sitio que había unha zona de Galicia onde tamén había un nome secreto que ninguén sabía e que soamente os da casa familiar, os pais, sabían cal era ese nome secreto dos fillos, e que non se podía dicir ao exterior. Non sei se ti tes algunha información sobre isto.

Elena Freire

Non sei a que zona de Galicia exactamente te refires...

Ana Boullón

Creo recordar que era nun sitio na costa, pero téño bastante esquecido.

Elena Freire

A linguaxe nunca é inocua e pronunciar nunca é en van, entón hai que ter moito coidado. Por exemplo, na Galiza tradicional había a crenza de que, en determinados contextos, dicir o nome de alguén podía poñelo en perigo. Por exemplo, isto pasaba coas crianzas, cos nenos pequerrechiños, cando había unhas taxas de mortalidade infantil moi elevadas: a idea é que unha forma de protexer o neno era non dicir o nome. Tamén vale cando deixamos de dicir o nome de alguén como castigo social. Se deixan de pronunciar o teu nome, deixas de existir. Cando vos dicía “Eu son a...”. A única diferenza que teño eu cos meus irmáns é que eu son Elena. Se alguén me nega o nome, se alguén deixa de pronunciar o meu nome, é unha forma de matarme socialmente. Isto está, perdoade, en *Harry Potter*: Voldemort é aquel que non se debe nomear; non hai que dicir o seu nome porque hai que terlle medo. Se pronuncias ese nome, coidadiño! O pensamento máxico funciona, como ben sabemos os antropólogos, e é moi importante.

Antón Santamarina

Para contestarlle a Ana Boullón e para información túa. Miña irmá tiña unha amiga aquí en Marín, e o seu pai chamábase *Inasio*, pero de segundo nome chamábase *Supriano*, e ese nome non o sabía ninguén máis ca a familia. Porque resulta que a súa nai tivera varios fillos antes ca el, e botáballe a culpa a algún mal de ollo dalgunha persoa da aldea, entón púxolle un nome secreto ao seu fillo. Despois de *Inasio* viña ese *Supriano*, que ademais é un nome que ten resonancias máxicas, o do *Ciprianillo*. É dicir, non hai tanto que aínda había este costume aquí en Galicia, de poñer nome secreto.

Elena Freire

É que é fundamental o nome, e sobre todo que fas despois con ese nome. É coma un tótem, entón non se pode pronunciar. Sábeo moi pouquiña xente. Pero isto de que alguén teña máis nomes e que se coñezan en situacións excepcionais... Agora voume poñer eu como exemplo, que isto non se debe facer nunca. pero si. Eu souben do segundo nome dunha irmá de meu pai cando morreu. Ata ese día nunca, ninguén. E non era a irmá coa que se levaba mal e coa que non se falaba, non era esa; era a que viña comer os domingos á casa. E eu souben que a miña tía, que se chamaba de primeiro (tampouco tiña un nome moi afortunado) *Dosinda*, —queríamola porque era nosa, pero o nome non invitaba ao amor—, miña tía *Dosinda*, eu souben que tiña un segundo nome cando morreu. Entón estableceuse no núcleo familiar máis próximo o típico: hai que chamar á funeraria, e tal. Necrolóxica: “E como se chama a defunta? “. Entón o irmán confesou. Eu tiña trinta e pico de anos cando isto sucedeu, puidera dicirmo antes. Meu pai nunca dixera que súa irmá... Non é que llo chamara a ela; é que nunca dixera que a súa irmá se chamaba co segundo nome. Esa antropóloga rápida buscando xenealoxía na familia.

Ana Boullón

E cal era ese segundo nome?

Elena Freire

Non, non. Fiádesvos de min. Antes fiástesvos de Reigosa que dixo que os outros mentían, agora vou eu estragar... A ver, que a miña tía está tombada alí, durmindo tranquilamente, vouna levantar? Deixádea aí. Eu son antropóloga, son moi do pensamento máxico. Pero imaxínade, se o primeiro era *Dosinda*, a mellor non ía... Xa volo digo eu. A miña tía *Dosinda*, o nome non, pero ela era marabillosa. Todo o que non son eu era ela, pero puxéronlle *Dosinda*. A outra chamábase *Felisa*, non gañou moito.

Isto ten moito que ver con por que nos chamamos como nos chamamos. Agora nace unha pequena e dis: “Vámoslle poñer *Dosinda*” e todo o mundo diría “Pero ti estás tolo!”, e digo: “Perdoe, hai noventa anos era un nome igual de bonito que agora *Helena*”, supoñendo que *Helena* fose bonito.

Andrea Santiso

Temos que ir rematando. Hai aí outra pregunta. Hai dúas. Ben, ao mellor hai máis, pero queda pouquiño tempo.

Manuel Anxo Calvo

É unha pregunta sobre o nomeamento das casas. Non sei se hai algún estudo, algunha investigación, sobre se seguen nomeando as casas nas aldeas da mesma maneira que se nomearon historicamente. Se ten as mesmas fórmulas. Vou poñer un par de exemplos rápidos da aldea da miña nai. Este non é tan recente, de feito a casa da miña avoa recibiu o seu nome pola miña avoa, porque era unha casa nova, construíuse nos anos 20 do século xx e desde pouco despois foi a *Casa de Lola*, e xa foi a familia de Lola para sempre. Despois había outra casa ao lado que corresponde ao que ti dixeches sobre un alcume que se suavizou. El era *o Feito de Pao*, e os seus fillos adoptaron ese nome pero suavizado: eran *os Feitos*, e converteuse na *Casa dos Feitos*.

Despois, outra cousa que quería preguntar: na mesma aldea había varias casas que non é que tivesen nome, pero era un nome efémero, era o nome da persoa que vivía nese momento. Entón a *Casa de Adela* pasou a ser a *Casa de Pedro*, e non recibiu esa cadea que se comentou antes, senón que —pode ser por prestixio social ou polo que fose— simplemente non prendía ese nome.

Si había outra —xa non nesa aldea, é noutra— que correspondía a esa cadea da que falaches, que era a *Casa de Xan de Pepe do Tío Ramón da Carretera*, que si que ten unha parte xeográfica. Entón a pregunta era sobre todo se ese estilo de nomear segue existindo. Grazas.

Elena Freire

Se hai algún traballo sobre iso, desde a antropoloxía, non; resposta rápida. Se se seguen nomeando as casas, si, pero por outras razóns e doutras maneiras. Por exemplo, na edificación nova que se fai en emigración de retorno. Non é nada infrecuente ver *Villa Eulalia*, *Villa Manuela* ou *Villa Elena*, e a continuación unha desfeita urbanística. Horroroso. Pero iso non é por imitación da casa na cultura tradicional galega, iso é de imitación polas *villas*, é unha cuestión social.

Respecto a por que nalgunhas casas non se respecta a xenealoxía, iso pode ter que ver —e isto é unha hipótese, igual non é certa— eu creo que ten que ver coa permanencia, coa vinculación. Dentro dunha casa, que pode ser a *Casa de Ribas*, unha parte da casa que se aluga, en alugueiro, ou na que reside un criado

que foi criado na Casa de Ribas. Ese anaco da casa pasa a ser a *Casa de Evaristo*, e non se integra na Casa de Ribas, por exemplo. Está totalmente diferenciado. Cando Evaristo deixa de ser criado na Casa de Ribas e vén outra persoa, Adela, pois pasa a ser a *Casa de Adela*, ese habitáculo, porque vai co ocupante. É máis efémero e non forma parte da árbore xenealóxica da familia. Porque nacer nunha casa tampouco te facía desa xente... Por exemplo, na casa podían nacer os fillos dos caseiros, os netos dos caseiros, e non pasaban a ser da *Casa de Macía*. Esa xente non formaba parte da liñaxe.

Manuel Viñas

Cuando hablamos del nombre de las casas, y ya veo que esto va a dar juego, cuando dices la provincia de Lugo, ¿dices la provincia de Lugo o la zona de *mellora forte* de la provincia de Lugo?

Elena Freire

Cando falaba dos nichos no cemiterio falaba da zona de mellora. Pero na provincia de Ourense tamén hai, e non é zona de mellora, e tamén hai nomes das casas nos cemiterios. O que pasa é que non están en todos. Tamén é moi habitual nalgún cemiterio algúns nichos que si incorporan o nome da casa e o do lado xusto non. Non está estendido en todo. E despois hainos que están completamente uniformizados. Hai o caso dun cemiterio que se constrúe de novo nos anos 90 do século xx porque o cemiterio parroquial de repente empeza a ter moita demanda, e como era un cemiterio que estaba no núcleo construído, non había para onde medralo. Entón unha veciña doa unha leira e faise un cemiterio que segue sendo parroquial, non é municipal nin nada parecido, segue sendo parroquial pero é novo, e faise nos anos 90. É moi interesante o tratamento da morte que facemos nesa altura, porque o que fixemos foi: en primeira instancia eliminamos todos os enterramentos que ían en terra, só fixemos nichos de parede. Segundo, todos iguais: encargouse a unha empresa de cantaría, que iso xa é o máis do máis, unha empresa que fixo todos os nichos. E despois todos os nichos empezan co encabezamento do nome da casa arriba; a uniformidade para todos. Pero o normal é entrar nun cemiterio e que uns teñan incorporado o nome da casa e outros non. Ou que uns estean arriba —*Casa de Macía* e abaixo os apelidos— e outros ao revés, como vos dixeron, o nome e a casa facendo referencia, coma na necrolóxica.

Manuel Viñas

En la costa —yo te hablo desde Samieira, Poio, vivo al lado de Sanxenxo—, eso no es nada frecuente.

Elena Freire

Na costa tendes algúns cemiterios en que poñedes fotografías dos mortos.

Manuel Viñas

Esa es una costumbre muy reciente, pero sí, empieza a darse.

Elena Freire

Si, pero tédelo. O primeiro que aprendes en primeiro de antropoloxía é que os costumes todos son recentes. Non hai nada esencial, nada perdurable, nada permanente, nada inamovible na cultura. A cultura estase movendo. Uns costumes teñen máis tempo e outros menos. Algúns elementos da cultura tenden a permanecer máis e outros menos, pero todo varía. E aínda que sexa recente, tédelo. Nós, en Lugo, non. Algún pode haber, pero é moi raro que poñan unha fotografía.

E o que me parece xa marabilloso é poñer a fotografía do día da voda no camposanto. Iso parécese unha metáfora tan bonita! Ten unha explicación: houbo un tempo, no noso pasado máis próximo, en que non andabamos todos co móbil facendo fotos, non era tan fácil facer unha fotografía en que estiveses guapo, e era moi habitual entender ademais, no caso das mulleres, cando estás máis guapa? Por favor, vestida de noiva! Viva o heteropatriarcado e todos os mitos que queirades! Entón, que fotografía poñían na lápida? A de noiva; e isto a min parécese marabilloso. É un traballo por facer. Eu convidovos, sobre todo á xente nova, a que vos pasedes á antropoloxía e rexistredes as fotografías de noivas nos cemiterios. Parécese marabilloso, unha metáfora tan bonita...!

[Alguén do público]

Pero son poucas.

Elena Freire

Non tan poucas. Vamos dar unha volta por aí. Na seguinte xornada da RAG vamos por fóra. Traballo de campo, a rexistrar fotos.

Manuel Viñas

En Samieira los nombres de las casas se heredan. Tú piensa que allí es zona donde la casa la hereda la mujer y tú tienes un apellido legal y un apellido... De hecho pasa que están fosilizados. No sé, por ejemplo, en Samieira, hay unha casa que es la de los *Tecelanos*. *Pepita da Tecelana*.

Elena Freire

Polo o oficio.

Manuel Viñas

Claro. Pero si tú vas al ALGa, “tecelán” no existe en esta zona. Es “tecedor”. Eso queda ya para los filólogos.

Elena Freire

Agora que falaches de mulleres fago un apuntamento, porque como é moi limitada a conferencia, xa vos digo... É moi curioso, por exemplo, como as mulleres que casaban na casa do marido, que ían para a casa do marido, mantiñan o nome da casa en que naceran. Entón encadeaban, imaxina: unha señora que se chamaba *María*, *María de Ribas de Rodríguez*. *Rodríguez* era o nome da súa casa. E dis: “pequeno detalle”. Pois non é tan pequeno. Porque podemos interpretar ese manter o nome da casa natural en que naceu... E dis ti, “Vamos *a-lo-loco!*”, porque nos estudos de perspectiva de xénero vímonos arriba, e dicimos: “É un acto de empoderamento e mantiña a súa nomenclatura” ou un acto de sutileza—ou non tan sutileza— o de remarcar que ti *de Ribas* si, pero menos. Porque todos os que nacían naquela casa pasaban a ser automaticamente *Lola de Ribas*, *José Luis de Ribas*, *Domingo de Ribas*... e había unha que era *María de Ribas de Rodríguez*, que non che esqueza que viñeches de fóra.

Lucía Domínguez

No meu caso, eu son de Samieira. A miña familia é precisamente a dos *Ghrilos*, hai tres familias en Samieira que se chaman os *Ghrilos*. Pero o caso polo que se lles chama os *Ghrilos* non é polo que comentaches antes, senón que alí se lles chama os *Ghrilos* porque seica lles cantaban á xente. Cando se puxeron os alcu- mes, era porque cantaban moi ben.

Elena Freire

Pode ser. Eu referíame en concreto a unha señora que se chama —se chamaba, porque está morta hai moitísimos anos, xa case morreron os fillos— *Colasa a Ghrila*, e é na zona da costa da Coruña. Non erades vós. Quero dicir: a razón pola que alguén se pode acabar chamando dunha maneira ou doutra, xa vos dixen que niso é fundamental estudar o caso en concreto. A *Casa de Cadenas*, que tamén coñece Antón Santamarina, veu dun señor que foi a Cuba e cando volveu trouxo un reloxo de peto. Ese reloxo de peto traíao con dúas cadeas. Empezaron a chamarlle *Cadenas*, *Cadenas* e aí quedou a *Casa de Cadenas*. Pero é moi interesante saber de onde vén *Cadenas*. Porque non vén das cadeas do coche para a neve. Vén dunha emigración a Cuba. Que supoñía vir cun reloxo, traer un reloxo? E poñelo con dúas cadeas, non vaia ser o demo que o perdésemos con unha. Canto non valía un reloxo para ter que poñerlle dúas cadeas! E aí está tamén a parte fáchendosa de: “imos poñerlle dúas cadeas”. Todo está entrelazado. Hai que saber as cousas para poder falar delas. Pero encántame que sexas da *Casa do Ghrilo*.

Lucía Domínguez

E as familias reciben os nomes femininos. Por exemplo, *Teselán* seguramente fose alguén que se dedicase... A *casa da Teselana*. O apelido *Ansín* acabou dando a *Casa das Ansinas*. Ou sexa, todo vai pola liña feminina.

Andrea Santiso

Ben, pois damos por rematada esta primeira sesión.